

Orzamentos

2023

Vicerreitoría de Economía
e Planificación Estratéxica



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Memoria

Estrutura do Orzamento de 2023

O orzamento para o exercicio 2023 da Universidade da Coruña desenvolve as Liñas Xerais Orzamentarias de 2022 e acompáñase do Plan Operativo Anual 2023. O presente documento contén os seguintes apartados:

1.	Cadro resumo comparativo dos orzamentos de 2022 e 2023.....	3
2.	Análise por capítulos de ingresos e gastos.....	4
2.1	Análise lo capítulo de ingresos	4
2.2	Análise do capítulo de gastos	12
3.	Valoración global.....	17
4.	Liñas estratéxicas e plans asociados.....	20
5.	Novidades do orzamento	21
6.	Cadro de contas: Detalle do orzamento por capítulos de ingreso e de gasto.....	23
7.	Anexo I: Persoal	89
8.	Anexo II: Plan de investimentos	95
9.	Anexo III: Previsión de ingresos e gastos das entidades dependentes	102
10.	Bases de execución do orzamento.....	105
11.	Documento complementario: Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do exercicio económico 2022 ao 2023.....	123

1. CADRO RESUMO COMPARATIVO DOS ORZAMENTOS DE 2022 E 2023

A UDC presenta un orzamento para o ano 2023 de 168.442.809,17 € o que supón un incremento nominal dun 13,87 %. O seguinte cadro resume, a nivel de capítulo, o orzamento de ingresos e de gastos do exercicio 2022, así como a súa evolución respecto do exercicio anterior.

Táboa 1. Evolución do orzamento por capítulos para os anos 2022 e 2023

INGRESOS	2022	%	2023	Peso	Variación 2023/2022
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	17.013.400,00	11,50 %	17.969.400,00	10,67 %	5,62 %
Capítulo IV: Transferencias correntes	103.352.387,15	69,87 %	104.361.770,21	61,96 %	0,98 %
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	330.000,00	0,22 %	330.000,00	0,20 %	0,00 %
Capítulo VII: Transferencias de capital	26.712.062,77	18,06 %	45.283.591,23	26,88 %	69,52 %
Capítulo VIII: Activos financeiros	517.160,68	0,35 %	498.047,73	0,30 %	-3,70 %
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	147.925.010,60	100,00 %	168.442.809,17	100,00 %	13,87 %
GASTOS	2022	%	2023	Peso	Variación 2023/2022
Capítulo I: Gastos de persoal	103.843.761,31	70,20 %	110.610.215,03	65,67 %	6,52 %
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	18.664.206,41	12,62 %	19.943.472,26	11,84 %	6,85 %
Capítulo III: Gastos financeiros	28.000,00	0,02 %	35.000,00	0,02 %	25,00 %
Capítulo IV: Transferencias correntes	4.668.780,06	3,16 %	5.136.943,05	3,05 %	10,03 %
Capítulo V: Fondo de continxencia	500.000,00	0,34 %	580.000,00	0,34 %	16,00 %
Capítulo VI: Inversións reais	19.997.379,06	13,52 %	31.914.293,83	18,95 %	59,59 %
Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros	222.883,76	0,15 %	222.883,76	0,13 %	0,00 %
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	147.925.010,60	100,00 %	168.442.809,17	100,00 %	13,87 %

A continuación analízanse brevemente as características dos diferentes capítulos e as súas variacións máis significativas.

2. ANÁLISE POR CAPÍTULOS DE INGRESOS E GASTOS

A continuación, preséntase a previsión das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2023.

2.1 Ingresos

A) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. Como se pode ver na táboa 2, no curso académico 2022/23 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías (grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio) alcanza unha cifra de 17325 alumnos/as, que é lixeiramente inferior ao curso académico anterior. Con todo, esta cifra non recolle os datos de alumnos Erasmus que se poidan matricular no segundo cuadrimestre polo que é de esperar que a cifra total se incremente. Adicionalmente, a esta cifra habería que engadir as matrículas procedentes dos estudos de posgrao e da Sénior.

Dentro da actual contorna de recesión demográfica, trátase dun resultado aceptable, xa que a taxa de cobertura de primeiro ingreso é alta. Por tanto, os novos graos e mestrados están a ter unha boa aceptación e a oferta formativa en xeral ten unha boa acollida. O obxectivo é consolidar a actual oferta formativa, impulsar os novos títulos académicos e continuar coa tendencia dunha maior internacionalización a través de diferentes programas (p. ex. Erasmus+) tanto en Iberoamérica como en Europa.

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación como facturación de servizos de investigación, custos indirectos ou alugueiros. Nestes conceptos espérase que se incrementen os ingresos, principalmente os derivados da actividade investigadora, xa que existe un maior volume de proxectos de investigación acadados, tanto nas convocatorias nacionais como europeas ou internacionais. De feito, grazas ao incremento de proxectos de investigación, tanto nacionais como europeos, estanse a incrementar os ingresos por custos indirectos. Esta cifra mellora desde 1,925 millóns no ano 2022 aos 2,261 millóns no ano 2023. De feito, hai persoal agardando en reserva. Polo tanto, se espera que no próximo ano 2023 continúe esta tendencia e se cubra a totalidade de prazas tanto en Coruña (108) como en Ferrol (25).

Táboa 2. Evolución da matrícula das diferentes categorías de oferta académica

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18	Curso 2018/19	Curso 2019/20	Curso 2020/21	Curso 2021/22	Curso 2022/23
LRU	2.866	1.537	614	308	-	-	-	-	-
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794	13.645	13.990	13.849	13.662
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914	2.063	2.252	2.353	2.263
DOCTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179	1.299	1.295	1.290	1.093
ERASMUS	552	600	632	689	576	718	265	507	347*
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463	17.725	17.802	17.999	17.325
ESTUDOS POSGRAO	657	413	418	375	151	262	280	216	53*
SÉNIOR	663	806	879	954	940	986	392	748	843
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	26	25	3	-	-	-
TOTAL	21.815	20.800	19.682	19.292	18.579	18.976	18.474	18.963	18.221

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus; * faltan por computar alumnos Erasmus, e posgrao do segundo cuadrimestre

En total, hai unha previsión de recadación no capítulo III por valor de 17,97 millóns de euros, contía que é superior ao ano anterior (17,01 millóns de euros). Isto supón un incremento dun 5,62 % cun peso relativo do 10,67 % (véxase a táboa 1).

B) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento da UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do Capítulo IV hai un lixeiro incremento con respecto ao ano 2022 ao pasar de 103,35 a 104,36 millóns de euros (incremento dun 0,98 %) (véxase a táboa 1). A razón de que non exista un maior incremento é basicamente contable. Anteriormente, un dos fondos denominado “*Fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” estaba contabilizado no capítulo 4 e agora pasa ao capítulo 7. A continuación explícase en maior detalle o desglose deste capítulo de ingresos.

B1) Transferencias do Estado (40)

Son as transferencias cuxa procedencia ven directamente do Estado. Destacan dous convenios particularmente como son as Bolsas do Campus Rural (Convenio co Ministerio Transición Ecolóxica. bolsas campus rural) e o Convenio co Ministerio de Defensa. Entren ambos programas suman 0,419 millóns de euros.

B2) Transferencias de organismos autónomos administrativos (41)

Son os programas Erasmus KA 131 e KA171, que se xestionan directamente dende a Vicerreitoría de Internacionalización e cooperación (VIC). Entren ambos programas suman 1,057 millóns de euros.

B3) Transferencias de Axencias estatais e autonómicas (43)

Corresponde ao programa de Axudas predoutorais da Axencia Española de Investigación, do programa de formación de persoal investigador que acada unha contía de 0,062 millóns de euros.

B4) Transferencias de sociedades públicas e outros entes do sector público (44)

Corresponde ao programa Cátedra Cosme Alvarez de los Ríos (NAVANTIA-UDC). Ten un crédito inicial de 0,038 millóns de euros.

B5) Transferencias da Comunidade Autónoma (45)

Esta é a principal fonte de financiamento de ingresos. Trátase das transferencias da Comunidade Autónoma. Acada un total de 101,91 millóns de euros. A principal partida orzamentaria no capítulo de ingresos correspóndese co denominado subfondo “*Custo estándar*” que alcanza unha contía de 75,21 millóns de euros. Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF (3,22 millóns de euros) e as prazas vinculadas ao SERGAS (1,02 millóns de euros). No caso do SERGAS e do INEF hai variacións positivas con respecto ao ano anterior en cada un dos casos (0,059 millóns de euros para SERGAS e 0,149 millóns de euros do INEF). Tamén se inclúen as subvencións do Consello Social (0,200 millóns), a subvención para a Universidade Senior, as axudas posdoutorais, tanto de 2021 como de 2022 (0,165 millóns de euros).

No que se refire ao subfondo de “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,96 millóns de euros) tamén experimenta un incremento, mais figura no capítulo 7. De igual xeito, existe unha parte deste subfondo que está destinado a mantemento de infraestruturas, o cal está encadrado no capítulo 7 de ingresos de aí que non se inclúa neste apartado.

Existe unha mellora no financiamento estrutural no ano 2023 con respecto ao ano 2022 de 4,130 millóns de euros como consecuencia fundamentalmente do incremento dos fondos de gasto corrente e mantemento de infraestruturas e do custo estándar. Non obstante, como xa se indicou, nese incremento non se pode contabilizar a variación procedente do fondo de estabilidade financeira nin parte da achega do fondo de gasto corrente e mantemento de infraestruturas, xa que ambas están dentro do capítulo 7. As transferencias correntes representan un 61,96 % do orzamento, o cal é unha porcentaxe significativa e experimenta un incremento do 0,98%.

B6) Transferencias das Corporacións Locais (46)

Corresponde ao programa de Cultura que financia a Deputación Provincial da Coruña. Ten un crédito inicial de 0,090 millóns de euros.

B7) Transferencias de Empresas Privadas (47)

Son os programas das axudas de mobilidade para estudantes de doutoramento cos que se pretende facilitar o financiamento das estadias de investigación (UDC-INDITEX) e as axudas que xestiona a Vicerreitoría de Internacionalización de captación de estudantes de China e Vietnam, as bolsas para atraer estudantado de Iberoamerica así como os programas de patrocinio financiado polo Banco Santander (0,600 millóns de euros). Entren os diferentes programas se consegue un financiamento de 0,779 millóns de euros.

B8) Transferencias de familias e institucións sen ánimo de lucro (48)

Tratase dun programa de bolsas e axudas da Fundación Once xestionado pola Vicerreitoría de Estudantes, participación e empregabilidade (VEPEM). Ten un importe reducido (0,008 millóns de euros).

C) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Son os ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Son os ingresos polos canons ou tarifas que cobra a UDC polo uso de espazos ou ingresos derivados polas concesións administrativas. No ano 2022 houbo unha melloría notable con respecto ao ano 2021 e para o ano 2023 trátase de recuperar esta actividade desenvolvida con anterioridade ao ano 2020. Non experimenta variación. A estimación en termos absolutos é de 0,330 millóns de euros e un peso relativo de 0,20 %, polo que no conxunto do orzamento non é significativa.

D) Transferencias de capital (Capítulo VII)

As transferencias por capital experimentan un incremento moi positivo (69,52 %) ao pasaren de 26,71 millóns de euros no ano 2022 a 45,28 millóns de euros no ano 2023 e representan un 26,88 % do total de ingresos. Tratase do capítulo que experimenta o maior crecemento. A continuación explícanse os principais proxectos que se están a desenvolver e que motivan este importante crecemento no investimento.

D1) Transferencias da Administración do Estado: Subvencións finalistas da administración do Estado (70)

Inclue diferentes tipos de programas entre os que se inclúen o programa Retos da sociedade, Ramón y Cajal, FPU, persoal técnico de apoio, Juan de la Cierva, axudas predoutorais, Beatriz Galindo, formación de doutores, contratos predoutorais (subprograma de formación e mobilidade), e os programas de mobilidade Margarita Salas e María Zambrano (estos programas son financiados con fondos Next Generation). O total ascende a 2,79 millóns de euros.

D2) Transferencias de organismos autónomos administrativos (71)

Son os proxectos autonómicos que ascende a 1,096 millóns de euros.

D3) Transferencias de Axencias estatais e outros organismos públicos (73)

Son transferencias para financiar, por medio de fondos Next Generation, proxectos estratéxicos de transición ecolóxica e da dixitalización (3,3 millóns de euros). Adicionalmente, hai proxectos de diferentes convocatorias como Xeración do coñecemento, Retos da sociedade, RyC (liñas de investigación), Juan de la Cierva, Predoutoral FPI. En total son 7,1 millóns de euros.

D4) Transferencias de sociedades, entidades públicas empresariais, fundacións, consorcios e resto de entes do sector público (74)

O total ascende a 1,998 millóns de euros. Destaca o proxecto denominado Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia. Trátase do Estaleiro do futuro 4.0 que se está a desenvolver no CIF en cooperación co CITIC co que se vai contribuír á transformación do tecido produtivo mediante a transferencia de tecnoloxía e o coñecemento a empresas líderes en distintos sectores, mediante o desenvolvemento de proxectos de I+D+i aplicados á industria. Neste período pretende reforzar esta cooperación co tecido industrial e, en particular, promover a colaboración con outros sectores industriais ademais do naval.

Dende o punto de vista do ingreso, a anualidade de 2023 inclúe a achega de Navantia (0,4 millóns) e a subvención da GAIN (0,4 millóns). O obxectivo é desenvolver novas técnicas e tecnoloxías que incrementen a competitividade do estaleiro para o desenvolvemento do programa F-110 (buques militares e outras plataformas) e da nova fábrica de bloques dixitais. As liñas de actuación fundamentais son a dixitalización do sector, a mellora dos procesos produtivos existentes e o desenvolvemento de xemelgos dixitais para mellorar a produtividade e reducir tempos e custos en toda a cadea de valor.

Tamén se inclúe a aportación do IVE do equipamento científico-tecnolóxico. É o IVE que debe ser achegado pola propia universidade e que neste caso acada unha contía de 0,5 millóns de euros e o

proyecto de energías renovables, consistente en instalaciones de paneles fotovoltaicos, con un investimento de 0,864 millóns de euros. Finalmente, está a aportación referida aos proxectos interdisciplinares Ruraltxa e RedeVerde cunhas achegas de 0,136 e 0,095 millóns de euros, respectivamente.

D5) Transferencias da Comunidade Autónoma (75)

As transferencias de capital da Xunta supoñen o apartado máis relevante no financiamento do capítulo 7. O total é de 31,953 millóns de euros. Se diferencian diferentes programas, os cales se explican a continuación.

D5.1) Fondos incondicionados: Fondo de estabilidade financeira e mellora estratéxica, Mantemento de infraestruturas e Panel de indicadores

Como xa se explicou anteriormente, o subfondo denominado “*Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica*” (cunha contía de 4,96 millóns de euros), que o ano anterior estaba no capítulo 4, este ano intégrase no capítulo 7. Ademais, unha parte do subfondo, que está destinado a mantemento de infraestruturas (2,19 millóns de euros), está encadrado neste capítulo de ingresos. Tamén está incluído neste apartado o financiamento procedente do *Panel de indicadores* que acada unha contía 7,19 millóns.

D5.2) Axudas á investigación

Trátase dos programas de axudas á investigación (GRC, GPC, Traxectoria excelente, predoutorais, posdoutorais (formación e liñas de investigación), RyC, contratos predoutorais, ou atracción e retención de talento.

D5.3) Programa de servizos xerais de apoio á investigación e outros programas asociados

Trátase dun programa de desenvolvemento e apoio da I+D coa finalidade de captar talento para a xestión da investigación, desenvolvemento e innovación. A anualidade para 2023 acada unha contía de 1,324 millóns de euros. Tamén destaca o convenio ponte para facilitar o normal funcionamento do centro de investigación do CITIC (2022-23) cunha dotación de 0,195 millóns de euros e o convenio de persoal investigador de persoal ERC (0,050 millóns). Por último, tamén destaca o convenio para a mellora do laboratorio de combustibles (0,159 millóns de euros).

D5.4) Campus Industrial de Ferrol (CIF)

Programa de investimento para a próxima anualidade de 2023 que acada unha contía de 1,52 millóns de euros. Inclúe accións nos diferentes eixes como a investigación, transferencia, internacionalización, docencia/oferta formativa, comunicación e difusión do CIF e gobernanza do CIF. O 23 de decembro

presentaranse no Consello Reitor os principais resultados acadados, así como o grao de cumprimento dos diferentes obxectivos marcados pola comisión avaliadora do proceso de acreditación.

D5.5) *Proxectos de infraestruturas singulares de investigación*

Destaca o proxecto para a infraestrutura de investigación en industria intelixente (0,9 millóns de euros). Este centro representa a vangarda da investigación e innovación no eido da enxeñaría e a industria intelixente. Tamén se está a desenvolver o proxecto para o centro de formación e emprendemento da Cidade das TIC. Neste caso, a cifra non figura no orzamento, xa que se debe avaliar o investimento plurianual e concretar por tanto a contía por anualidade. En ambos os dous casos, trátase de infraestruturas que servirán para fortalecer a transferencia da Universidade á sociedade.

D5.6) *Convenios de colaboración para investimento en accións estratéxicas e impulso da I+D+i*

Recóllense os convenios coa Consellería de Educación en materia de accións estratéxicas que están enmarcados dentro do programa do “*Fomento da I+D+i*”. A estimación é de 3,2 millóns de euros cos que se lles pretende dar continuidade ás accións estratéxicas vixentes no período 2021-22. Tamén se destaca o impulso á I+D+i (1 millón de euros) e de gastos estruturais e apoio aos centros de investigación (2,4 millóns de euros).

D5.7) *Proxectos de aforro e eficiencia enerxética (Fondos NGEU)*

Dentro do denominado Plan de aforro enerxético e redución do impacto medioambiental existe un programa destinado á implantación de enerxías renovables. Neste caso, a Universidade acadou 12 proxectos de enerxías renovables. En concreto, trátase da instalación de paneis fotovoltaicos cos que se pretende impulsar o aforro enerxético e reducir a pegada ecolóxica. A achega do INEGA é de 0,864 millóns de euros se ben o investimento total estímase en 1,11 millóns de euros, na que se inclúe a achega de recursos propios. Tamén se estima un investimento de 2,8 millóns de euros en infraestruturas, reforma, ampliación e mellora e para avanzar nos proxectos de eficiencia enerxética.

D6) Transferencias de Corporacións locais (76), empresas (77) e institucións sen ánimo de lucro (78)

Inclúen os programas de Cátedra de arqueoloxía e educación patrimonial (0,019 millóns de euros), o programa de atracción de talento UDC-INDITEX (0,3 millóns de euros), e programas de divulgación científica (0,026 millóns de euros). O total é de 0,345 millóns de euros.

Igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade

para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do *grant agreement*. Esta contía vaise ver incrementada polos convenios de colaboración de fomento da I+D+i, do resultado do proceso de acreditación dos centros de investigación e da evolución da captación dos fondos Next Generation.

E) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,50 millóns de euros, o que representa un 0,30 % e supón unha redución con respecto ao ano anterior (-3,70 %).

En resumo, existen dous datos salientables. Por unha banda, o incremento do 69,52 % das transferencias de capital con respecto ao ano anterior, e unha contía de 45,28 millóns de euros, cunha ponderación do 26,88 %. Por outra banda, as transferencias correntes, que acadan unha contía de 104,36 millóns de euros, case un 62 % do orzamento. O incremento de ingresos totais é do 13,87 %.

2.2 Gastos

Capítulo I. Gastos de persoal

A) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 1, os gastos de persoal (110,61 millóns de euros) representan a porción máis importante do total dos gastos, aproximadamente un 65,67 %. Os gastos de persoal increméntanse (un 6,52 %), por motivo da imputación do incremento retributivo do 2 % aprobado ao final do ano 2021 e do incremento retributivo do 2,5 % aprobado para o ano 2023 e o crecemento vexetativo que experimenta anualmente o cadro de persoal por mor dos trienios, quinquenios, sexenios ou complementos retributivos. No mes de outubro de 2022 a Consellería de Facenda aprobou a masa salarial autorizada para a UDC correspondente ao ano 2023. Deste xeito, de conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, Facenda autoriza, para o ano 2023, os custos do persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade da Coruña cun teito de gasto total de 110.613.056 €. Na táboa pódese como se reparten os importes por conceptos de gasto.

Considérase un incremento global máximo das retribucións, nunha porcentaxe do 2,5 %, en previsión do que se establece no proxecto de orzamentos xerais da Administración xeral do Estado para o ano 2023 de incremento global máximo das retribucións no ámbito do sector público. Non se prevé ningún incremento para os gastos de acción social. Así mesmo, segundo o establecido no proxecto de orzamentos xerais da Administración xeral do Estado para o ano 2023, serán de aplicación os seguintes incrementos:

a) Incremento vinculado á evolución do índice de prezos ao consumo harmonizado (IPCH). Se a suma do IPCH do ano 2022 e do IPCH adiantado do mes de setembro de 2023 superase o 6 por cento, aplicarase un incremento retributivo adicional máximo do 0,5 por cento.

b) Incremento vinculado á evolución do produto interior bruto (PIB) nominal no ano 2023. Se o incremento do PIB nominal igualase ou superase o estimado polo Goberno do Estado no cadro macroeconómico que acompaña a elaboración dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, aplicarase un incremento retributivo complementario do 0,5 por cento.

Convén destacar que este é un dos criterios que esixe a Consellería de Facenda para poder conseguir o crédito do fondo de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica. Por tanto, hai que facer un seguimento mensual da execución do gasto no capítulo 1.

Táboa 3. Masa salarial autorizada para o ano 2023 para a UDC

Concepto	Importe
Retribucións	68.989.271 €
Complementos persoais	25.016.812 €
Seguridade Social	15.876.973 €
Acción social	730.000 €
Total	110.613.056 €

B) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2023 experimentan un incremento do 6,85 %, de modo que pasan de 18,66 a 19,94 millóns e euros. Continúa a aumentar o gasto corrente. O incremento xeneralizado dos prezos das materias primas e da enerxía continúa a incrementar os custos da subministracións, combustibles, canons, mantementos, tributos, seguros etc.

Así, podemos falar de cinco grandes categorías de gasto como son Arrendamentos e canons (20), Reparacións, mantemento e conservación (21), Materiais e subministracións (22), Gastos de viaxe, custo e outras indemnizacións (23) e Gastos de publicacións (24). Os arrendamentos ascenden a 0,725 millóns de euros e as subministracións tamén se incrementan ate os 17,821 millóns de euros. Nesta categoría, como xa se acaba de dicir, están os gastos que mais se incrementan (subministracións, comunicacións, transportes, gastos diversos, tributos, seguros, e traballos realizados por outras empresas e profesionais). Tamén se incrementan os canons como consecuencia dunha necesidade de maior dixitalización (1,069 millóns de euros). Os gastos de publicacións se mantén (0,07 millóns de euros) mentres que os gastos de viaxe e IRS diminúen con respecto ao ano anterior e se estiman en 0,257 millóns de euros.

A contorna inflacionaria en que estamos inmersos é preocupante, posto que, ademais da subida dos custos, diminúe notablemente a capacidade adquisitiva dos axentes económicos. Supón un 11,84 % do total do gasto (véxase a táboa 1).

O pasado 4 de novembro aprobouse o plan de aforro enerxético que fai especial fincapé en medidas de control dos consumos enerxéticos, investimento en enerxías renovables –xa explicado no anterior apartado–, na educación para a sustentabilidade, nos programas de eficiencia enerxética e no peche de centros en períodos de Nadal en réxime de teletraballo e tamén no mes de agosto para toda a comunidade universitaria. A través destas medidas imos intentar reducir esas estimacións de gasto.

Convén destacar que existen contratos para os cales é posible que se reduza esa contía, mais é necesario un crédito inicial para afrontar a licitación.

Coa aplicación das medidas de aforro e o seguimento que se faga destas se vai a intentar lograr o máximo aforro posible e reducir esas cifras de crédito inicial. Faise tamén imprescindible a colaboración da comunidade. De igual xeito, é necesario a colaboración do financiador para facer fronte a este sobrecusto enerxético, así como garantir a calidade dos servizo público no ensino universitario. Por último, faise necesario realizar unha reserva de crédito nos recursos propios do 10% sobre o crédito inicial, tanto fondos centralizados como descentralizados, exceptuando o capítulo 1.

C) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un total de 5,14 millóns de euros o que supón unha importancia relativa dun 3,05 %, cun incremento do 10,03 %. Faise unha análise detallada de cada un dos conceptos de gasto.

C1) Transferencias á administración xeral do estado (40)

Son as transferencias á administración xeral do estado que alcanzan un valor de 0,111 millóns de euros.

C2) Transferencias a outras entidades públicas (44)

Son as transferencias realizadas a diferentes entidades públicas. En total son 1.475 millóns de euros.

441. A Consorcios

Son as transferencias realizadas a consorcios como CISUG (adquisición de fondos bibliográficos) e CEIDA. Entre ambos programas se acada os 0,95 millóns de euros.

443. A Fundacións públicas

Son cursos para alumnado e profesorado e encomendas de xestión que supoñen 0,073 millóns de euros.

444. A outras entidades públicas

Son aportación a CIUG, ACSUG, e xestión delegada CIXUG. En total supón 0,451 millóns de euros.

C3) Transferencias a comunidades autónomas (45)

Son as transferencias a Senior (0,032 millóns de euros).

C4) Transferencias a empresas privadas (47)

Transferencias realizadas a CEDRO e Mestrado Avogacía. En total 0,132 millóns de euros.

C5) Transferencias a institucións sen ánimo de lucro e estudantes (48)

480. A Estudantes

Inclue bolsas de Residencia, Comedor, Campus rural, bolsas de colaboración departamento, bolsas de Mestrado, bolsas de mobilidade bilateral estudantes, formación lingüística para o estudantado, ISS, Santander Iberoamerica, programa ADI, Axudas para olimpíadas científicas, axudas para asociacións e grupos de estudantes, viaxes de estudos, bono-bus, fondo social, intermbio, FPI (estancias), bolsas Xunta posdoutorais (formación e contratos), cooperación e desenvolvemento, Escola infantil (estudantes), deportistas de alto nivel, premios á excelencia académica no bacharelato, premios de divulgación científica e premios a colectivos da UDC. A contía total que se acada é de 1,696 millóns de euros.

481. PDI

Son axudas de estadias posdoutorais formación lingüística profesorado, axudas para cooperación e desenvolvemento, estadias (NGEU), oficina de cooperación ao voluntariado, axudas á internacionalización, premios de apoio á formación, e premios do Consello Social. O total é 0,401 millóns de euros.

482. PAS

Son axudas pas para a cooperación e desenvolvemento, axudas á internacionalización do PAS e gratificación de xubilación. A contía total que se acada é de 0,325 millóns de euros.

485. ERASMUS

Programas para favorecer a mobilidade do estudantado. Supón un total de 0,940 millóns de euros.

487 e 488. Familias sen ánimo de lucro

Son axudas ao programa Explorer, Cluster alimentario, Promoción tecnolóxica e diferentes achegas a entidades e incentivos a xubilación que supón un total de 0,024 millóns de euros.

En resumo, a pesar do actual escenario de crise enerxética e de incertidume, é importante destacar o

impulso que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, mobilidade (ex. programa de bonobús), residencias, promoción das actividades culturais ou deportivas etc. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.

D) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2023 nun 59,59 % en que destaca o crecemento do investimento tanto material como inmaterial. A contía estímase en 31,91 millóns de euros, o que representa un 18,95 % do total do orzamento. O desenvolvemento de ecosistemas de innovación é unha das principais ferramentas con que contamos para facer fronte aos retos que nos formulou a crise da covid-19, como así se constatou no Claustro o pasado 4 de novembro de 2022.

Ademáis dos recursos propios que se dedican a terreos (0,086 millóns), edificios e construcións (1,410 millóns), instalacións (0,564 millóns de euros), elementos de transporte (0,100 millóns), mobiliario e avíos (1,263 millóns), sistemas para procesamento da información (0,535 millóns de euros) e fondos bibliográficos (0,394), están incluídos todos os apartados comprendidos no apartado de transferencias de capital, nomeadamente os programas de financiamento finalista. Trátase do inmovilizado inmaterial (15,1 millóns) e os fondos de investigación (12,5 millóns de euros).

E) Resto de partidas. Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,035 millóns de euros, cun peso relativo do 0,02 %) practicamente non varía. No caso do pasivo financeiro non hai variación (continúa en 0,22 millóns de euros, cunha ponderación do 0,13 %). Incrementábase o fondo de continxencia ata 0,58 millóns de euros para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios, o cal supón un 0,34 %, o que experimenta un incremento do 16 % con respecto ao ano anterior.

3. VALORACIÓN GLOBAL

En xeral, pódese concluír o seguinte:

1) Contexto de incerteza

Continuamos nun contexto de incerteza. A proba deste feito é que se esperaba un incremento do PIB do 5 % para este ano 2022, o cal non puido materializarse. De igual xeito, as previsións de crecemento do PIB de Galicia para o ano 2023 se reduxeron ao 1,7 %.

2) Incremento dos gastos correntes (capítulo II)

O orzamento do ano 2023 sitúase no nivel dos 168,44 millóns de euros, cun incremento do 13,87 % con respecto ao ano 2022. Continúa o incremento dos gastos correntes (enerxía eléctrica, combustibles, seguros, tributos, mantementos, xardinaría etc.). En total, os gastos correntes ascenden a 19,94 millóns de euros (cun incremento do 6,85 %). Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros. Os proxectos de eficiencia enerxética e investimentos en enerxías renovables tamén contribuirán a xerar un maior aforro no medio prazo.

3) Incremento dos investimentos en I+D+i (capítulo VI)

Porén, é importante destacar o incremento en investimento da I+D+i. Neste apartado destacan diferentes programas. Entre eles están os programas de captación de persoal investigador, o apoio ao Campus Industrial de Ferrol, os proxectos de infraestruturas singulares de investigación (ex. Campus Industrial de Ferrol ou Cidade das TIC), o investimento en proxectos estratéxicos (ex. Centro Mixto de Investigación UDC-Navantia do Campus Industrial de Ferrol ou os proxectos de investigación nacionais de transición dixital e ecolóxica financiados con cargo a fondos Next Generation).

4) Plan de aforro enerxético e de redución do impacto ambiental

Aprobáronse medidas de aforro enerxético centradas na potenciación da eficiencia enerxética, o peche de centros en períodos lectivos en réxime de teletraballo e en períodos nos lectivos. Tamén se vai a realizar un seguimento da eficacia destas actuacións baseado en indicadores obxectivos e cuantificables.

5) Desenvolvemento de ecosistemas de innovación

Se está a impulsar e liderar os ecosistemas de innovación baseados en competencias diferenciais e singulares, nomeadamente as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e a enxeñaría focalizada na Industria 4.0.

6) Reforzo dos centros de investigación

No ámbito da investigación e transferencia destaca o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da información e das comunicacións. Tamén se quere someter a avaliación dos centros de investigación do CICA, CITENI e do CITEEC, os cales van intentar avanzar cara á creación de centros singulares.

7) Impulso dos campus de especialización

Continua a impulsarse os campus de especialización e as súas liñas asociadas.

8) Maior énfase no investimento en programas de eficiencia enerxética

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como é a adhesión a centrais de compra, así como o desenvolvemento de máis proxectos de eficiencia enerxética e o investimento en enerxías renovables.

9) A Cidade das TIC

No segundo semestre de 2023 estará rematada a obra do Centro de Servizos Avanzados (CSA). Trátase do primeiro edificio da Cidade das TIC, un centro pioneiro de servizos avanzados no eido das TIC. Tamén é importante destacar que a cidade da Coruña foi escollida para ser a sede da Axencia Española para a Supervisión da Intelixencia Artificial en España.

4. LIÑAS ESTRATÉXICAS E PLANS ASOCIADOS

Esta universidade quere potenciar cinco grandes áreas estratéxicas. Estas áreas son i) a docencia e aprendizaxe, ii) a potenciación da I+D+i, nomeadamente a investigación e transferencia; iii) un maior compromiso coa internacionalización, iv) o financiamento e uso eficiente dos recursos e v) a sustentabilidade e responsabilidade social. Implicitamente, están recollidas a xestión e captación dos fondos Next Generation, así como o impulso da I+D+i. Os plans asociados pódense consultar no Plan operativo anual, documento complementario a este.

Nese documento pódese observar que existe unha maior atención á investigación, ao desenvolvemento e á innovación e simultaneamente á captación de fondos en diferentes convocatorias, incluídos os fondos Next Generation. De igual xeito, préstaselles especial atención aos campus de especialización, nomeadamente ao Campus Industrial de Ferrol, o cal ao conseguir a acreditación no mes de marzo de 2021 acadou un financiamento plurianual para o período 2021-2023.

4.1 DOCENCIA E APRENDIZAXE

Establécense 4 obxectivos estratéxicos. En concreto, destacan o impulso da captación e retención de talento, o fortalecemento da calidade nos procesos de ensino e aprendizaxe, así como a construción dunha oferta formativa innovadora que responda ás demandas e aos retos sociais da nosa contorna. Igualmente, preténdense mellorar as taxas de inserción laboral, -as máis altas dentro do SUG-, e promover o emprendemento para os egresados e egresadas. Se trata de contribuír a fomentar a cultura do emprendemento e unha participación máis activa que permita desenvolver a xeración de ideas innovadoras que melloren o funcionamento da sociedade.

4.2 INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Establécense 5 obxectivos estratéxicos. Destaca a xestión económico-administrativa da investigación e o reforzo das estruturas de centros de investigación da UDC. Requírese un reforzo institucional da actividade investigadora, da dixitalización e o establecemento de procedementos comúns para a creación, xestión e xustificación de proxectos competitivos, convenios e contratos de I+D+i. Tamén se quere impulsar unha investigación de calidade que potencie a internacionalización, a multidisciplinaria e o liderado das unidades, agrupacións, institutos e centros. Os fondos “Next Generation EU” supoñen unha oportunidade de financiamento para proxectos de investigación. Para iso, a UDC quere apoiar a xestión económica e xustificación dos fondos NGEU. Para impulsar a I+D+i, e tal e como se explicou no plan estratéxico, vaise definir e implantar un ecosistema dinamizador da actividade investigadora e de transferencia, e incrementar a colaboración coas empresas do contorno.

4.3 INTERNACIONALIZACIÓN

Establécense 5 obxectivos estratéxicos. En primeiro lugar, destacamos a creación dun ambiente universitario internacional. En segundo lugar, nesta contorna de globalización e apertura ao exterior, as universidades deben responder á demanda crecente dun maior grao de mobilidade. En terceiro lugar, preténdense incrementar as oportunidades para mellorar as competencias lingüísticas en idiomas estranxeiros de toda a comunidade universitaria. O obxectivo é que o estudiantado e persoal docente e persoal investigador adquiren as competencias lingüísticas necesarias para poder beneficiarse da internacionalización. En cuarto lugar, trátase de lle dar unha maior visibilidade á nosa universidade e desenvolver accións encamiñadas a adecuar programas formativos á oferta internacional e de estimular a produción científica en todas as ramas do coñecemento, ademais de fomentar a transferencia e a innovación. Por último, quérese optimizar e simplificar a xestión académica e administrativa para desenvolver os programas de internacionalización.

4.4 FINANCIAMENTO E USO EFICIENTE DOS RECURSOS

Establécense 5 obxectivos estratéxicos. En primeiro lugar, mellorar os mecanismos de control para cumprir os criterios esixidos pola Consellería de Facenda relativos a estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica. De igual xeito, farase un seguimento da evolución dos indicadores de avaliación do panel de indicadores. En segundo lugar, vaise incrementar a captación de recursos de forma proactiva e explorar novas fontes de financiamento. En terceiro lugar, estanse a impulsar os programas de aforro enerxético e económico. Pódese consultar o programa de medidas aprobado o pasado 3 de novembro en Consello de Goberno. Nel recóllense os programas de eficiencia enerxética, o peche de centros en períodos de Nadal e en agosto, os programas de mobilidade sustentable, o aforro de auga ou a educación para a sustentabilidade, ademais do seguimento e control de todas estas medidas con base en indicadores cuantificables e medibles. En cuarto lugar, preténdese facilitar e apoiar a captación e xustificación económica deste tipo de fondos. Por último, é preciso avanzar na simplificación dos procesos a través da dixitalización e da visibilización das boas prácticas nas políticas de persoal da UDC.

4.5 RESPONSABILIDADE SOCIAL E SUSTENTABILIDADE

Establécense 5 obxectivos estratéxicos onde interveñen simultaneamente ata cinco vicerreitorías. En primeiro lugar, a través da Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deportes, quérese avanzar na creación dunha universidade impulsora do cambio social. Así, destaca a promoción e a difusión das actividades culturais e da cultura científica e dos coñecementos entre a sociedade galega. Tamén destacan as actividades culturais que pretenden cubrir ocos importantes, que son obviados por outras institucións, a través de exposicións, obradoiros e rutas. No apartado de fomento dos hábitos para unha

universidade saudable, a área de deportes realiza un importante labor na difusión de hábitos saudables entre a comunidade universitaria. En segundo lugar, trátase dunha universidade responsable do seu impacto ambiental. En terceiro lugar, quérense intensificar as accións da Universidade que promociona hábitos, rutinas e estilos de vida saudable. En cuarto lugar, identificar a UDC coma unha universidade feminista que fomenta unha cultura de non discriminación.

5. NOVIDADES DO ORZAMENTO

Neste orzamento existen novidades derivadas de diferentes feitos de relevancia, como son a implantación da nova RPT publicada no DOG do 15 de novembro o o proceso de implantación dun sistema de contabilidade analítica. A continuación resumimos estes cambios.

- a) Contabilidade analítica. Está operativa a xefatura de sección de contabilidade analítica. No mes de setembro executáronse os servizos para a extracción da información dos sistemas fonte necesaria para abordar a persoalización do modelo de contabilidade analítica do exercicio 2020, a partir do modelo de custos do “Libro Branco dos custos nas universidades”, á realidade da Universidade da Coruña, no marco do Documento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que orienta a definición do modelo e co fin último de abordar a carga de datos na aplicación informática Contabilidade Analítica de UXXI-ECONÓMICO. Tamén está publicado na web un apartado denominado “Contabilidade Analítica” [[Contabilidade \(udc.es\)](http://contabilidade.udc.es)], que recolle o informe sobre a realización destes traballos co cronograma de implantación dos exercicios 2020 e 2021.
- b) Nova RPT. Nestes momentos xa está en funcionamento. Destaca o 10 de novembro como a data en que se puxo en marcha a nova unidade de apoio á xestión da investigación, denominada EXI, ou equipo de xestión da investigación.
- c) Existe un anexo de investimentos de fondos centralizados e descentralizados, tal e como esixe o Consello de Contas e un anexo cos balances provisionais de ingresos e gastos das entidades dependentes.
- d) Nas bases de execución se explica con mais detalle os supostos nos que se pode utilizar o fondo de continxencia. En concreto, explicar con máis detalle o motivo da modificación orzamentaria e establecer un criterio que permita dar resposta as transferencias que se piden dende os centros do capítulo 2 ao capítulo 6 así como os supostos nos que se pode utilizar o fondo de continxencia.

- e) Se vai a elaborar unha instrución para fixar un procedemento para realizar as modificacións orzamentarias co obxecto de dar resposta as esixencias da auditoría que se realiza anualmente por motivo da liquidación orzamentaria.
- f) Inclúense as unidades responsables de coordinar e supervisar os programas encargados de cumprir cos obxectivos operativos asociados aos obxectivos estratéxicos e tamén se vai a establecer unha mellor integración da vinculación da programación plurianual aos plans de financiamento aprobados pola Xunta.
- g) Incremento da dotación orzamentaria do fondo de continxencia con respecto a ano anterior (incrementábase ata 0,58 millóns de euros) se ben coa actual dotación orzamentaria non é posible chegar ao límite do 2 % do orzamento.

6. CADRO DE CONTAS: DETALLE DO ORZAMENTO POR CAPÍTULOS DE INGRESO E DE GASTO.

6.1 Orzamento de ingresos

Org	Art.	Cto.	Subcto.	Denominación	Subcto.	Cto.	Art.
				CAPÍTULO III : TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS			
	30			TAXAS			600.000,00
		301		TAXAS POR SERVICIOS ADMINISTRATIVOS		600.000,00	
10.00			301.01	TAXAS. EMISION CERTIFICADOS Y TITULOS	600.000,00		
	31			PREZOS PÚBLICOS			12.284.000,00
		310		DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS		12.250.000,00	
10.00			310.01	TARIFA PRIMEIRA: ACTIVIDADE DOCENTE	11.950.000,00		
10.00			310.02	TARIFA SEGUNDA: AVALIACIÓN E PROBAS	12.000,00		
10.00			310.03	TARIFA TERCEIRA: TÍTULOS E SECRETARÍA	158.000,00		
10.00			310.04	SEGURO ESCOLAR	15.000,00		
10.00			310.05	LIQUIDACIÓN ESPECIAIS	5.000,00		
10.00			310.06	SEGURO COMPLEMENTARIO HAC LUCE	110.000,00		
		311		INSCRIPCIÓN CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS		34.000,00	
08.00.08.13.C1			311.00	PROMOCION EXTERIOR - INSCRIPCIÓN CURSOS ISS	34.000,00		
	32			OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIONES DE SERVICIOS			4.390.400,00
		329		OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIONES DE SERVICIOS		4.390.400,00	
10.00			329.01.00	COMPENSACIÓN USO LOCAIS FUAC	14.400,00		
10.00			329.01.01	PARANINFO E OUTROS ESPAZOS	90.000,00		
17.00.AC.DO			329.01.02	ACTIVIDADES DEPORTIVAS	240.000,00		

17.00.AC.DO.08			329.01.02	ACTIVIDADES CULTURAIS	50.000,00		
2.- Os remanentes incorporados segundo o previsto no apartado 1 desta base unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio orzamentario en que a incorporación se acorde, e nos supostos a) e b) dese número, para os mesmos gastos que motivaron, en cada caso, a concesión, autorización e compromiso, agás os que corresponderen a créditos financiados por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas, que poderán ser incorporados en canto persista o dereito á percepción do ingreso que os financia.

Os importes totais ou parciais dos créditos incorporados para finalidades concretas e que por diversos motivos non sexan utilizados para a finalidade que motivou a súa incorporación, non poderán destinarse a financiar outros expedientes de gastos e deberá procederse a súa anulación ou

compensación mediante modificación orzamentaria situar dito crédito nunha aplicación orzamentaria de servizos centrais e a cal, consecuentemente, tampouco poderá financiar expedientes de gasto.

3.- Os fondos correspondentes a financiamento finalista serán incorporables de acordo coa normativa que lles for aplicable en cada caso. A xestión orzamentaria do exercicio ao que se incorporan referida a créditos de contratación de persoal estarase ao disposto na normativa específica que o regula.

4.- Os créditos a que se refire a letra d) do apartado 1 desta base incorporaranse mediante o procedemento de incorporación abreviado ou procedemento que se estableza, autorizado anualmente polo Xerente. Neste procedemento poderán incluírse outros créditos, sempre que correspondan a fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas ou as súas entidades dependentes, durante o período de vixencia do fondo ou para a súa devolución.

Tamén se incorporarán polo procedemento abreviado os créditos de contratos artigo 83 da LOU e as contías que correspondan a convenios con entidades privadas, como é o caso de INDITEX, o Banco de Santander e outras, durante o período de vixencia do contrato artigo 83/convenio, ou para a súa devolución.

5.- Os fondos procedentes do crédito denominado “Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” (programa 541A, económica 649.10) poderá ser incorporado ao exercicio seguinte ao da súa concesión. De igual xeito, os fondos propios xestionados polos centros de investigación que teñan carácter de investimento e que acadasen a cualificación de Centro de Investigación Singular ou outra etiqueta de calidade (ex. Centro singular do Citic) por parte da Xunta de Galicia ou entidade acreditadora poderán ser incorporados ao exercicio seguinte ao da súa consignación no orzamento de gastos. Este mesmo criterio utilizarase para os créditos de investigación correspondentes a contratos programa formalizados pola UDC no ámbito da I+D+i e para os centros interuniversitarios recoñecidos pola Xunta de Galicia ou outra entidade acreditadora.

6.- O crédito correspondente a bolsa para investigación concedida a cada beneficiario/a do Programa de atracción de talento da UDC “Berce para Ramón y Cajal”, incorporárase durante o período establecido neste Programa.

7.- O remanentes de crédito de financiamento alleo resultado de licitacións nas que participe UDC poderán incorporarse ao exercicio seguinte ao do vencemento do contrato, para a realización de traballos vinculados a I+D+i, para tarefas de difusión do contrato ou para compensar os traballos que realicen os membros do grupo de investigación para a execución do contrato.

8.- As contías pendentes de executar ao final de cada exercicio conforme ao establecido no artigo 7.2 da Instrución, aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017 de “Solicitude e xestión de proxectos europeos do programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais e de CI de Recursos Liberados dispoñibles no marco deste proxecto de I+D” e no artigo 7 da Instrución de 31/10/2019 de solicitude e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, incorporaranse conforme cos criterios que se establecen nestas normas.

9.- Para o exercicio de 2023, a incorporación de créditos realizarase consonte cos criterios e as instrucións que figuran no documento complementario I “Instrucións para regular a

incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2022 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2023”, modificándose o apartado “C), Consideración prácticas para as incorporacións de crédito do orzamento 2023, recollidas nas Bases de Execución do Orzamento de 2022.

10.- Os fondos propios da UDC non poderán incorporarse ao exercicio 2023, salvo as excepcións contempladas para o financiamento propio de investigación por estar vinculadas á I+D+i.

No Documento Complementario I relativo a “Instrucións para Regular a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2022 ao Orzamento de Gastos do Exercicio Económico de 2023” se explican en detalle os diferentes supostos nos que se autoriza a incorporación.

Base 13ª “AXUDAS E SUBVENCIONES”

1.- Para a concesión de axudas e subvención con cargo aos orzamentos da universidade, aplicaranse criterios de publicidade, concorrencia e obxectividade, consonte a lexislación autonómica e estatal aplicable.

Sen prexuízo de que o Consello de Goberno determine os criterios básicos, os órganos xestores competentes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión.

As citadas bases conterán como mínimo os seguintes extremos:

- Obxecto da subvención ou axuda.
- Financiamento. Cando o período da subvención ou axuda se estenda a máis dun exercicio económico, estarase ao disposto da base 3ª parágrafo 2.
- Requisitos que deben reunir as persoas beneficiarias para a obtención da axuda e das subvencións e forma de os acreditar.
- Prazo e forma de xustificación por parte das persoas beneficiarias da aplicación definitiva dos fondos recibidos, incluso os librados, se for o caso, en concepto de anticipos.
- Forma e prazos de concesión da subvención, así como posibilidades de conceder anticipos da mesma.

2.- Non será aplicable o disposto no apartado anterior cando as axudas ou subvencións tiveren asignación nominativa nos orzamentos da universidade ou a súa concesión e contía lles foren esixibles en virtude dela.

3.- Os beneficiarios de subvencións ou axudas con cargo aos orzamentos da universidade deberán acreditar que cumpren os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá constar no expediente que se tramite.

4.- A obtención concorrente de subvencións ou axudas autorizadas por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

5.- Os perceptores de subvención ou axudas con cargo aos orzamentos da universidade estarán obrigados a xustificar a aplicación de fondos recibidos nos prazos e condicións establecidos na resolución da concesión.

6.- Procederá o reintegro da axuda ou subvención percibida e mais os xuros de demora nos seguintes casos:

- Incumprimento da obriga de xustificación.

- Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos nas bases reguladoras para a súa concesión.

No caso de que a universidade faga convocatorias de subvencións ou axudas financiadas con fondos europeos, procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación a que fai referencia o Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), a convocatoria, execución e xustificación destas axudas adecuaranse as condicións establecidas na normativa de aplicación.

Base 14ª “DOS GASTOS DE PERSOAL”

1.- As retribucións do persoal da universidade en activo quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e ao cumprimento do artigo 81.4 da Lei Orgánica de Universidades.

2.- O crédito destinado á produtividade e gratificacións do persoal funcionario utilizarase conforme ao disposto nos artigos 5º, 6º e 7º do Real decreto 1545/1987 do 11 de decembro (B.O.E. nº 301 de 17 de decembro), e á Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Os créditos destinados a gastos sociais de PAS funcionario, PAS laboral e persoal docente destinaranse a gastos desta natureza escoitada a opinión ou tida en conta a proposta da Xunta de Persoal, do Comité de Empresa e Xunta de Persoal Docente, respectivamente. Os compromisos que en materia de acción social figuren recollidos nos correspondentes pactos, acordos ou convenios non poderán superar o crédito que figure consignado nas correspondentes partidas do concepto 162.14. A este crédito imputaráselle o gasto correspondente á compensación de prezos públicos do persoal da UDC.

4.- A concesión de anticipos de nómina ao persoal desta universidade realizarase sempre que exista crédito adecuado e suficiente dándolle o correspondente tratamento non orzamentario.

5.- Para os efectos do disposto no artigo 98 dos Estatutos desta universidade destínase o crédito denominado Formación e Perfeccionamento do Persoal da Administración e Servizos (en diante PAS), para cubrir o custo do Plano Integral de Formación do PAS.

Base 15ª “DOS CRÉDITOS CENTRALIZADOS E DOS CENTROS”

1.- Descentralizaranse os créditos dos Capítulos II e VI nos centros e departamentos e grupos de investigación, nas contías que figuran no orzamento. O/a vicerreitor/a de Economía e Planificación Estratéxica poderá corrixir as carencias nas asignacións de créditos descentralizados, así como efectuar os axustes que se precisaren.

2.- Poderanse descentralizar nos centros os créditos para axudas que figuran no Capítulo IV. Para tal efecto, o/a Vicerreitor/a que, por delegación do/a Reitor/a, tiver atribuída a competencia de autorización do gasto, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento de crédito, realizará a oportuna transferencia de crédito á partida correspondente do centro.

3.- Conforme co establecido na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica de 15/7/2021 a económica 226.00 “Gastos de funcionamento” ten carácter instrumental, polo que no poderá imputárselle ningún gasto directamente. Estará vinculada a un código orgánico específico e será preciso redistribuír o crédito de acordo coa natureza do gasto.

Os gastos que correspondan aos departamentos para o seu normal funcionamento, imputaranse de acordo co establecido na RR de 15/7/2021, para a adaptación e a reorganización económica dos departamentos aprobada no Consello de Goberno do 26/10/2016.

Para o aboamento dos gastos imputables a este concepto, dado que a normativa vixente prescribe que na imputación dos gastos deberá predominar a natureza destes, realizaranse as necesarias modificacións consonte as presentes bases.

4.- O disposto no apartado anterior aplicarase ao crédito destinado á cobertura dos gastos de funcionamento dos Institutos Universitarios.

5.- Con cargo ao Artigo 64 “Gastos e investimentos de carácter inmaterial” poderán imputarse e financiarse, entre outros conceptos, bolsas e contratos de investigación, coas limitacións establecidas no punto 8 desta base para o crédito orzamentario descentralizado de investigación con financiamento propio.

6.- Os créditos descentralizados do concepto orzamentario 625 teñen como destino a adquisición de material inventariable en que se inclúe os mobles e equipos de oficina. Ao concepto 623, en imputarase a adquisición de maquinaria, instalación e utensilios, equipamento científico e de laboratorio e actuacións que se realicen dentro do plan de eficiencia enerxética. A imputación destes gastos efectuarase nos subconceptos que correspondan conforme co establecido na Resolución conxunta da Xerencia e da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica de 15/7/2021. As adquisicións de equipos para procesos de información imputaranse á económica 626.

A imputación a estes conceptos económicos adecuarase ao establecido na Resolución de 15/7/2021, as normas que se diten en relación a imputación de gastos e a normativa en materia de inventario.

7.- Con cargo ao crédito 628 “Investimentos en fondos bibliográficos”, poderán adquirirse, libros, publicacións periódicas e outros materiais, textos científicos e académicos. A adquisición de fondos bibliográficos e documentais con cargo a créditos de financiamento alleo de proxectos, convenios, contratos artigo 83 e de créditos de financiamento propio, correspondentes a “Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” ou outro financiamento propio, imputarase ao subconcepto 628.00: “Fondos bibliográficos e documentais”. Estes fondos serán tratados conforme ao establecido na UDC para os fondos bibliográficos.

A adquisición destes fondos deberá contar no expediente de gasto co conforme da biblioteca universitaria e procederase ao seu rexistro no programa de xestión bibliotecaria.

A imputación destes gastos efectuarase ao programa de gasto que corresponde 422D docencia universitaria/541A investigación.

Os libros, revistas e outras publicación que se merquen para formar parte dos fondos das bibliotecas incluíranse no capítulo VI.

8.- O crédito orzamentario descentralizado de investigación con financiamento propio (649.00/10) ten como destino o aboamento dos gastos de Departamentos e Grupos de Investigación derivados de investigación tales como os gastos de inscrición ou organización en cursos, congresos, feiras, exposicións; os derivados de desprazamento, manutención e estancia de persoas que participaren en actividades que se consideren necesarias para a investigación, incluídos os derivados de asistencia a

cursos, congresos, exposicións; e os derivados de estudos e traballos técnicos relativos á investigación. Financiaranse con cargo a este crédito, logo da correspondente modificación orzamentaria, adquisición de todo tipo de bens inventariables, incluídos os programas informáticos. Igualmente poderán imputarse a este crédito os gastos correntes necesarios para levar a cabo a investigación, como son as adquisición de bens funxibles para laboratorios ou repostos para máquinas de laboratorio. Tamén se poderán financiar gastos, tramitando a correspondente modificación orzamentaria, fondos bibliográficos -628.00- (que, como é preceptivo, deberán ser catalogados e autorizados polos director/a da biblioteca).

No caso de que nesta aplicación económica se xeren créditos derivados de financiamento alleo estarase ao disposto na correspondente convocatoria e/ou resolución.

Non poderán financiarse, en ningún caso, con cargo a fondos propios contratos de persoal no capítulo VI, salvo nos seguintes casos:

- a) Para cofinanciar contratos de convocatorias de programas de recursos humanos concedidos á Universidade pola Administración Xeral do Estado, Xunta de Galicia, e outras entidades públicas.
- b) No caso de fondos procedentes da UDC, como contribución do orzamento a unha axuda, que se instrumenta con diferentes achegas publicas, nas que se requira a participación da Universidade, nas condicións establecidas na convocatoria publica aprobada.
- c) Para cofinanciar contratos de investigador distinguido asinados con gañadores de “ERC, starting or consolidator grant” ao abeiro do programa BERCE de apoio á ciencia excelente da UDC.

Para o programa de atracción de talento “Berce para Ramón y Cajal” da UDC, destinado as persoas investigadoras RyC que desenvolvan o seu proxecto na UDC, estarase ao que estableza a convocatoria.

9.- Cos créditos correspondentes a RLDs dos proxectos, recollidos na Instrución de proxectos europeos aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017 e na Instrución de proxectos do ERC de 31/10/2019, poderá contratarse persoal laboral capítulo VI para actividades inherentes ao desenvolvemento do proxecto, durante a súa execución, xustificación e/ou por necesidades, debidamente acreditadas, vinculadas ao control posterior da axuda. As circunstancias que motivan a contratación deberán acreditarse no expediente que se tramite.

Con cargo a estes fondos tamén poderá financiarse as indemnizacións fin de contrato de persoal contratado con cargo ao financiamento recibido. Con cargo a este crédito o investigador tamén poderá financiar outras indemnizacións por fin de contrato doutros proxectos dos que sexa IP.

10.- Para o caso de que as axudas externas non financien a indemnización fin de contrato, estas poderán imputarse ao financiamento propio que designe o vicerreitor/a con competencias en investigación. Recibida a proposta de imputación por parte do vicerreitorado o vicerreitorado con competencias en economía e o xerente deberán autorizar a tramitación do expediente de gasto.

11.- Na Instrución de Peche do exercicio se determinará a data límite de tramitación de pagamentos con clave A para os efectos de IRPF.

Base 16ª “CONTABILIZACIÓN DE INGRESOS DE CARÁCTER FINALISTA”

Os gastos que se financien con ingresos concretos, deberán estar debidamente identificados no orzamento de ingresos e gastos. En todo caso, os recursos afectados deberán estar identificados e vinculados no orzamento de ingresos e de gastos, e procederase ao seu rexistro contable individualizado e á imputación orzamentaria dos dereitos e obrigas que se deriven da súa execución.

Para facilitar a contabilización de ingresos de carácter finalista (convenios, axudas, subvencións, etc.), a unidade administrativa responsable da súa tramitación deberá achegar á Xerencia un escrito motivado e xustificación documental, en relación ao ingreso, a súa finalidade do ingreso e, se for o caso, crédito no estado de gastos do orzamento que financia. O ingreso deberá estar asociado ao gasto que corresponda. A este escrito xuntarase o anexo III da Circular 1/2010 sobre a base de datos de terceiros, referido aos datos fiscais e persoais de quen fai o ingreso, e unha copia do documento que fundamente tal ingreso (concesión do: proxecto, convenio, contrato, etc.).

A apertura das partidas, contabilización e seguimento de ingresos e gastos finalistas e dos seus custos indirectos, adecuarase a normativa que se dite nesta materia. O control levarase a cabo polo servizo con competencias en materia contabilidade e polos servizos ou unidades que correspondan en función do financiamento recibido.

En canto á retención a efectuar pola UDC en materia de convenios, estarase á normativa que especificamente aprobe a propia universidade.

A recadación e xestión orzamentaria dos ingresos correspondentes a cursos, xornadas, seminarios, etc. realizaranse de conformidade coa instrución de xerencia de data 30 de outubro de 1995 “Instrución de desenvolvemento das normas de réxime económico de cursos non regrados”.

Base 17ª “DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA”

1.- En materia de contratación administrativa é de aplicación para a Universidade da Coruña a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (en diante LCSP), por la que se traspoñen ao ordenamento xurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e as normas que nesta materia se diten e a normativa interna da UDC.

2.- Calquera proposta de incoación de expedientes de contratación será remitida á Xerencia, que ordenará a súa tramitación segundo as normas establecidas ao efecto.

Nesta materia a UDC, como prevención contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, conforme co establecido no artigo 64 da LCSP, require a declaración de ausencia de conflito de interese para as persoas que interveñan nos procedementos de contratación.

Base 18ª “USOS E DESTINOS DO FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCION ORZAMENTARIA”

Os usos e destinos do fondo de continxencia da execución orzamentaria terá os seguintes usos e destinos:

- a) **Situacións de emerxencia.** Atender expedientes de gasto por necesidades inaprazables

que poidan aparecer nos diferentes centros de gasto de carácter no discrecional para as que non se fixera en todo ou en parte a adecuada dotación de crédito. Dentro destas necesidades inaprazables se inclúen gastos derivados por situacións de emerxencia causadas por temporais, desastres naturais, crisis sanitarias, incendios, derrubamentos, ou outras causas de forza maior que precisan de una actuación inmediata e urxente e a conseguinte dotación de crédito.

- b) **Necesidades inaprazables en centros docentes ou de investigación.** Para atender as necesidades de gasto inaprazables en centros docentes ou de investigación para os cales non hai dotación suficiente na partida orzamentaria correspondente a ese centro ou ben existindo saldos dispoñibles en partidas orzamentarias de fondos centralizados, estes estiveran comprometidos ou previstos para atender diferentes necesidades. Deste xeito, tal e como explica a base 9ª, debido ao seu carácter instrumental, o Capítulo V de gasto (“Fondo de Continxencia”) poderá financiar, mediante transferencia ordenada pola vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, tanto gasto corrente como de capital en calquera programa.
- c) **Modificación orzamentaria dende capítulo 2 a 6.** Naqueles casos nos que xurdira unha necesidade de gasto urxente e inaprazable debidamente acreditada no expediente en capítulo 6 e para o que pode existir saldo dispoñible noutra partida de gasto de capítulo 2 procedente de fondos centralizados ou descentralizados pode utilizarse a partida de execución orzamentaria para dotar aquela partida orzamentaria que precisa dunha dotación económica. Simultaneamente, o fondo de continxencia recibirá o mesmo importe procedente do centro de gasto que precisa realizar esta xestión.

As transferencias deberán realizarse conforme ao seguinte procedemento. As solicitudes de transferencias de crédito que se acheguen a esta Vicerreitoría seguirán o seguinte procedemento:

1. Envío da solicitude á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

As transferencias de crédito de gastos correntes a gastos de capital deberán solicitarse a través do enderezo de correo electrónico vepes@udc.es, debidamente motivado, dirixido ao Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.

2. Envío ao portasinaturas

No caso de que o Vicerreitor estime a dita transferencia, os NAAEE dos centros ou unidades deberán facer unha dobre transferencia dende o fondo de continxencia.

- a) Para a súa sinatura enviaranse unicamente polo portasinaturas
- b) Deberá cubrirse o formulario que se achega a continuación
- c) Deberá indicar o obxecto ou motivo da transferencia no apartado correspondente do impreso de solicitude e aportar a documentación xustificativa
- d) Se enviarán asinadas primeiro polo responsable da partida. A continuación, ten que levar obrigatoriamente o visto e prace da Secretaría do Vicerreitor de Economía e Planificación

Estratéxica e por último asinará, de estar conforme e cumprir os requisitos, o Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

A vicerreitoría con competencias en economía poderá ditar instrucións en relación a tramitación e xustificación das transferencias de crédito e outras modificacións orzamentarias.

Base 19ª “ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS APLICABLES Á REPRODUCCIÓN DIXITAL DE DOCUMENTOS DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E ARQUIVOS”

As reproducións dixitais realizadas polo CEDAR suxeitaranse aos prezos públicos recollidos no Anexo 2.

Para a aplicación dos prezos públicos teranse en conta as seguintes normas.

- Os órganos da UDC non pagan prezos públicos.
- As reproducións están suxeitas á lexislación sobre a propiedade intelectual e industrial e demais normativa vixente.
- A obtención de reproducións non concede ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial.
- A realización das copias está supeditada ao estado de conservación dos documentos.
- A utilización das reproducións deberá respectar a finalidade específica para a que foron concedidas. Calquera outro uso deberá ser autorizado expresamente. Débese citar na publicación a procedencia das reproducións.

O procedemento para a solicitude e pago dos prezos públicos desenvolverase mediante instrución da xerencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira: Autorízase á Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica e ao xerente para que diten as instrucións necesarias para o desenvolvemento das presentes bases.

Segunda: Poderáselle asignar a xestión de créditos orzamentarios mediante resolución reitoral aos Centros de Gastos. A relación de centros de gasto vixente á aprobación do presente Orzamento poderase modificar mediante resolución reitoral, como consecuencia de calquera variación que durante o exercicio poida producirse sobre alta, modificación ou baixa de Centros de Gastos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

As presentes bases entrarán en vigor ao día seguinte á aprobación deste documento.

Documento Complementario I:

“Instrucións para Regular a Incorporación de Créditos do Orzamento de Gastos de 2022 ao Orzamento de Gastos do Exercicio Económico de 2023”

A) LEXISLACIÓN:

- Art. 59 e 71 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Art. 49 e 58 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- Bases de Execución do Orzamento da UDC.
- VI Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (PFSUG 2022-26).

B) CRITERIOS SOBRE INCORPORACIÓNS:

XERAL: Os créditos destinados a atender gastos que o 31/12/2023 como derradeiro día do exercicio non estean afectados ao cumprimento de obrigas recoñecidas (FASE O), quedarán anulados de pleno dereito. Estes expedientes de gasto en fase “O” deberán estar validados polo Servizo de Control Interno ou contabilizados conforme o procedemento que se estableza por RR para a exención da intervención limitada previa,

EXCEPCIONAL: Poderán incorporarse ao estado de gastos do orzamento correspondente ao exercicio inmediato seguinte:

- a. Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, así como as xeracións e transferencias de crédito, que se concedesen ou autorizasen, respectivamente, no mes de novembro ou decembro e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este.
- b. Os créditos que recollan compromisos de gastos debidamente tramitados e validados en UXXI-Ec antes do último mes do exercicio orzamentario e que non puidesen executarse ao fin do exercicio económico por causas xustificadas, que deberán acreditarse no expediente. Estes expedientes deberán ser autorizados por resolución conxunta do xerente e do vicerreitor con competencias en economía. Para autorizar estes expedientes deberan terse en conta as condicións establecidas no VI Plan de Financiamento do SUG (PFSUG) en relación a estabilidade financeira. No caso de incumprimento destas condicións non poderán autorizarse.

Salvo no caso de financiamento alleo, será preciso que, no sistema informático UXXI-E antes do último mes do exercicio de 2022, todos os compromisos de gastos a incorporar acadasen a fase de disposición (fase D). Deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” anterior, agás aqueles que, por estaren destinados a convocatorias de bolsas e axudas, precisarán unicamente estar formalizados contablemente en fase “A”.

- c. Os créditos destinados a operacións de capital.

d. Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados ós mesmos e as xeracións de créditos.

e. Os créditos xerados por achegas doutras administracións públicas ou persoas físicas ou xurídicas para financiar gastos afectados pola prestación de servizo e financiar investimentos públicos, en tanto estean vixentes e persista o dereito a percepción do ingreso que os financia.

C) CONSIDERACIÓNS PRÁCTICAS PARA AS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS AO EXERCICIO DE 2023.

Regras Xerais

Créditos de vixencia anual para atender necesidades que estean previstas no exercicio, non se poden incorporar.

Créditos que inicialmente non figuran no orzamento e que a súa vixencia económica é atender obrigas debidamente tramitadas e formalizadas que se estenden máis alá do exercicio económico vixente, si se poden incorporar.

O créditos financiados por fondos ou subvencións finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas ou dos seus organismos vinculados ou dependentes, poderán ser incorporados en tanto persista o dereito a percepción do ingreso que os financia e durante o período de execución do financiamento recibido.

CAPÍTULO I: “GASTOS DE PERSOAL”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes á seguridade social (concepto 160) do mes de decembro de 2023, os gastos sociais (concepto 162), os gastos de formación do PAS (subconcepto 162.00) e o remanente do persoal de apoio (130.04).

CAPÍTULO II: “GASTOS EN BENS E SERVIZOS CORRENTES”

Son créditos para atender obrigas referidas a bens e servizos que se producen durante e para cada exercicio. Os dispoñibles a 31/12/2022 non se incorporan.

Excepcións: mestrados, cursos de especialización e outros cursos e actividades con vixencia no presente exercicio e no vindeiro con financiamento finalista, así como cátedras con convenio vixente no exercicio 2023 que financie a actividade, sempre que permaneza vixente a percepción do ingreso que financia estas actividades.

CAPÍTULO IV: “TRANSFERENCIAS CORRENTES”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a bolsas e axudas convocadas no exercicio 2022 e que acadaron a fase de disposición (fase D) antes do 31 de decembro (sempre que cumpran coas condicións establecidas no apartado “xeral” do apartado B). Excepcionalmente, poderanse incorporar créditos que acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que o responsable xustifique

cumpridamente as razóns, nos casos seguintes:

-bolsas que estean ligadas a actuacións singulares financiadas con cargo ao exercicio corrente, pero que se estendan máis aló del, e as axudas de proxectos Erasmus+ e doutras axudas con financiamento alleo, imputadas ao capítulo IV, nas condicións que estableza a normativa reguladora de aplicación.

-bolsas que acadando a fase de autorización (A), non acadasen a fase de compromiso de gasto (D) por non estar resolta a convocatoria, sempre que a dita convocatoria fose publicada no exercicio de 2022 e prevezan as mesmas condicións no exercicio 2023, Estes expedientes serán autorizados por resolución conxunta do xerente e do vicerreitor con competencias en economía. Para autorizar estes expedientes deberan terse en conta as condicións establecidas no VI Plan de Financiamento do SUG (PFSUG) en relación a estabilidade financeira. No caso de incumprimento destas condicións non poderán autorizarse.

-bolsas que atopándose en fase de autorización (A), constitúan remanentes que terán que devolverse á entidade concedente. Estes expedientes serán autorizados por resolución conxunta do xerente e do vicerreitor con competencias en economía. Para autorizar estes expedientes deberan terse en conta as condicións establecidas no VI Plan de Financiamento do SUG (PFSUG) en relación a estabilidade financeira. No caso de incumprimento destas condicións non poderán autorizarse.

CAPÍTULO VI: “INVESTIMENTOS REAIS”

Poderanse incorporar os créditos que acaden a fase de disposición (fase D) antes do 31 de decembro de 2022 (deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” do apartado B) e os créditos finalistas con vixencia de execución en exercicios futuros.

Créditos de Investigación

En relación cos **créditos de investigación**, os criterios de incorporación serán os seguintes:

A) Os fondos procedentes do crédito denominado “Financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais” (649.10) poderán incorporarse ao exercicio seguinte ao da súa concesión polo vicerreitorado con competencias en investigación. Este mesmo criterio utilizarase para os créditos de investigación correspondentes a contratos programa formalizados pola UDC no ámbito da I+D+i.

B) O créditos correspondentes a financiamento alleo, resultado de formalización de contratos administrativos por licitacións nas que participe a UDC, poderán incorporarse ao exercicio seguinte ao do vencemento do contrato, para a realización de traballos vinculados a I+D+i do grupo de investigación responsable do contrato, para labores de difusión do mesmo ou para compensar os traballos que realicen os membros do grupo de investigación para a execución do contrato .

C) Incorporarase ao exercicio seguinte os créditos de investigación consignados pola UDC para o financiamento dos centros singulares de investigación da Universidade, recoñecidos pola Xunta de Galicia ou pola entidade acreditadora que corresponda e aqueles centros que acaden una etiqueta de calidade homóloga. O mesmo criterio aplicarase para os centros singulares

interuniversitarios e para os centros interuniversitarios cunha etiqueta de calidade recoñecida pola entidade que corresponda,

D) O crédito correspondente a bolsa para investigación concedida a cada beneficiario/a do Programa de atracción de talento da UDC “Berce para Ramón y Cajal”, incorporárase durante o período establecido neste Programa.

E).- As contías pendentes de executar ao final de cada exercicio conforme ao establecido no artigo 7.2 da Instrución, aprobada polo Consello de Goberno de 28/9/2017 de “Solicitud e xestión de proxectos europeos do programa Horizon 2020 e doutros proxectos internacionais e de CI de Recursos Liberados dispoñibles no marco deste proxecto de I+D” e no artigo 7 da Instrución de 31/10/2019 de solicitud e xestión de proxectos do Consello Europeo de Investigación (ERC) e de custos indirectos e recursos liberados dispoñibles no marco destes proxectos de I+D, incorporáranse conforme cos criterios que se establecen nestas normas.

F) Proxectos de investigación: poderanse incorporar durante a súa vixencia, sempre que a convocatoria non o impida.

G) Infraestrutura: vixencia da concesión.

H) Convenios/contratos/axudas de Investigación: poderanse incorporar durante a súa vixencia, sempre que o/a convenio/contrato/concesión non o impida.

A incorporación do financiamento alleo de: proxectos nacionais, actuacións de infraestrutura, proxectos europeos, programas de recursos humanos e convenios/contratos artigo 83 da LOU, adecuarase ao procedemento establecido para a súa incorporación abreviada ou procedemento que se estableza.

Créditos de Persoal

- Serán obxecto de incorporación nos primeiros días do exercicio de 2023 os créditos correspondentes a contratos de persoal subscritos con financiamento alleo sempre que acaden a fase de disposición (fase D) e de acordo co procedemento establecido para cada caso.
- As liquidacións correspondentes á seguridade social do mes de decembro de 2022 deberán ser tramitadas con data anterior ao 15 de xaneiro de 2023. No caso de non ser posible tramitalo antes da data indicada xustificárase documentalmente.

Bibliotecas

En relación cos créditos destinados a fondos bibliográficos, para proceder á súa incorporación aplicarase a norma xeral, salvo casos de financiamento alleo.

CAPÍTULOS VII E VIII: “TRANSFERENCIAS DE CAPITAL” E “ACTIVOS FINANCEIROS”

Poderanse incorporar os créditos correspondentes a este capítulo que a 31 de decembro de 2022 estean en fase de disposición (fase D) (deben estar tramitados de acordo co establecido no apartado “xeral” do apartado B)

TRAMITACIÓN XERAL:

Cada centro de gasto que xestiona créditos orzamentarios, deberá remitir a solicitude de incorporación ao exercicio 2023 e certificación de continuidade da xestión do crédito no exercicio 2023 segundo modelo (anexo I) xunto coa relación emitida polo UXXI-EC/módulo Docuconta: “consulta por documentos validados”.

A Instrución para regulamentar as operacións de peche do exercicio 2022 determinará os prazos para a remisión dos anteriores informes e da documentación xustificativa que sexa necesaria segundo o procedemento pormenorizado que comunicará a Xerencia. Recibidos na Xerencia, pasaranse ao informe do Servizo de Control Interno, e unha vez aprobadas, procederase á súa imputación no orzamento de 2023 por parte da Xerencia

Coa finalidade de resolver cuestións referidas aos expedientes de incorporacións de crédito, por parte da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica, e da Xerencia establecerase o procedemento para a súa resolución. As cuestións correspondentes coa incorporación de créditos serán resoltas pola denominada Comisión de Incorporación, integrada polo vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica e o xerente.

TRASPASO DE SALDOS AO NOVO EXERCICIO

Naqueles casos nos que se determine regulamentariamente se habilitará o procedemento para o traspaso de saldos e se establecerán as condicións para facelo efectivo. Dito procedemento se establecerá na instrución de incorporación que se redacte para o exercicio 2023.

ANEXO I

SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE CRÉDITO AO EXERCICIO DE 2023 E

CERTIFICACIÓN DE CONTINUIDADE DA XESTIÓN DO CRÉDITO NO EXERCICIO DE 2023

D./D^a. _____

en calidade de¹ _____

da actividade: _____

vinculada a aplicación orzamentaria: _____

CERTIFICO:

A continuidade da xestión do crédito no exercicio 2023, solicitando a incorporación do crédito a 31 de decembro de 2022, por un importe de _____ €, coa finalidade de:

²

A contía do crédito solicitado, figura como:

crédito autorizado

crédito comprometido

crédito dispoñible

Para que conste e remisión á Xerencia, na Coruña / Ferrol o (na data da sinatura dixital)

Asinado por o/a responsable da actividade e o/a responsable da tramitación económica

SR/A.XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

¹ Director/a, coordinador/a, responsable da actividade.

² Indicando o motivo ou a circunstancia da incorporación (continuar coa actividade de... proxecto, convenio, curso, etc., ou a devolución do crédito á entidade financiadora)

ANEXO II

PREZOS PÚBLICOS APLICABLES Á REPRODUCCIÓN DIXITAL DE DOCUMENTOS DO CEDAR

1. Reprodución para uso de investigación

<i>Tipo</i>	<i>Formato / unidade</i>	<i>Prezo</i>
Copias dixitais (Tamaño máx. DIN A3)	Cada rexistro ou páxina gravada	0,70 €
	Gravación de imaxes (No caso de mapas, planos, etc.)	Polos primeiros 2.000 Kb 0,70 €
	Seguintes fraccións de 1.000 Kb A partir da décima unidade o prezo de cada imaxe terá un	0,40 €

2. Reprodución para edición

<i>Tipo</i>	<i>Unidade</i>	<i>Prezo</i>
Fotografía ou imaxe dixital	Cada fotograma ou documento	1 €

3. Envío das copias dixitais

<i>Modalidade</i>	<i>Prezo</i>
Envío por correo electrónico	1 €